

Sobre Dramawalker Vite

Dramawalker Vite é un proxecto de mediación no barrio en colaboración co grupo Chévere e o Centro Dramático Galego.

Desde a década de 1950, o turismo ligado ao mito Xacobeo condicionou a planificación e o desenvolvemento urbano de Santiago de Compostela. Pero Santiago de Compostela non é só a súa cidade histórica. Quen teña a curiosidade precisa para ir máis aló do sinalado nas guías turísticas pode descubrir un dos seus barrios máis populares: Vite. Un barrio que é o reverso da cidade turística e representa a vertente máis social do planeamento urbano, que enfrenta e conecta o *desarrollismo* franquista coa Transición, que integra comunidades diversas, que acolle un orgulloso tecido social e comunitario, que sabe o que significa ter que loitar para conseguir infraestruturas básicas e mellorar a vida da veciñanza, que leva marcada na pel a pegada das drogas e que inventou un berro de autodeterminación que marcaba a diferenza na cidade a comezos dos noventa: "Vite Nazón!".

Propónse un paseo audioguiado desde o corazón da cidade histórica ata o barrio de Vite para mergullarse nunha serie de ficcións elaboradas a partir das historias recollidas da veciñanza.

O proceso de documentación e recollida de historias faise coa participación e colaboración da xente do barrio e do seu tecido asociativo: AAVV Polígono de Vite, Coordinadora do Barrio de Vite, Plan Sociocomunitario de Vite, Centro Socio Cultural José Saramago, Vite Arquivo, Asemblea de Cooperación Pola Paz, Alfredo Santomil, Rosa Álvarez, Xosé López Gori, Xesús Iglesias Luqui, Brais Santomil, David Barreiro, María Masaguer, Íñigo Sánchez, Joel R. Gómez, Sagra, Marisa, Loli, Dores, Branca, Merce, Juan Manuel...

O grupo Chévere encárgase da dramaturxia, coa participación de Paula Carballeira, Manuel Cortés, Esther F. Carrodegas e Carlos Santiago. A coordinación artística corre a cargo de Xron e o rexistro e produción sonora a cargo de Xacobe Martínez Antelo.